

Mércores, 28 de setembro de 2022

Núm. 186

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CANGAS

Recadación

APROBACIÓN, EXPOSICIÓN AO PÚBLICO E COBRANZA DO PADRÓN DA TAXA DO CONSERVATORIO DE MÚSICA 50% MATRÍCULA E 1º PLAZO CURSO 2022-2023

EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN VOLUNTARIA DO PADRÓN DE TAXA POR IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE CANGAS CORRESPONDENTE AO 50% DA MATRÍCULA E AO 1º TRIMESTRE DO CURSO 2022-2023.

A ALCALDÍA-PRESIDENCIA, mediante Resolución de data 13 de setembro de 2022,

RESOLVEU

PRIMEIRO: Aprobar o Padrón da Taxa por impartición de ensinanzas no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Cangas correspondente ao 50% da matrícula e ao 1º trimestre do curso 2022-2023 ao abeiro do establecido na Ordenanza Fiscal nº 19.

SEGUNDO: Establécese o período voluntario de cobranza entre os días 30 de setembro de 2022 e 29 de novembro de 2022. O cargo en conta dos recibos domiciliados será o día 5 de outubro de 2022. O transcurso do período voluntario de ingreso sen que este se produza, determinará o inicio do procedemento executivo, co devengo e esixencia dos recargos, intereses e demais conceptos que correspondan, de acordo co disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

TERCEIRO: Esta Resolución notificarase colectivamente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como a través de Edictos. A partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o Padrón permanecerá exposto ó público durante 15 días hábiles, a efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e recursos que estimen pertinentes.

CUARTO: Contra a presente resolución e o Padrón que aproba, cabe interpoñer recurso de reposición perante a Alcaldía do Concello de Cangas no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da finalización da exposición pública, sen prexuízo de que os interesados poidan presentar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Documento asinado electronicamente

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:T4Q80EJF4E77PUB6

